



Xurxo Álvarez Pérez, membro da Comisión Executiva do SLG e viticultor

Xurxo Álvarez regresou hai uns anos á terra dos seus ancestrs, en Cenlle (Ourense), para revivir a tradición viticultora familiar. Dende aquela, Xurxo someteu as dúas hectáreas de terras de que dispón a un proceso de modernización, recuperando castes de uva autóctonas como albariño, torrontés, godello ou treixadura; e facendo un traballo que pretende abarcar tódalas fases do proceso de vinificación dende a perspectiva dun fondo respecto á terra. Antes diso, iniciárase hai case dúas décadas no activismo sindical da man do SLG en Lugo. Hoxe, forma parte da súa Executiva.

“O SLG fixo máis pola recuperación e reestructuración do viñado que a Xunta”

■ **Ultimamente** habería moito traballo no sector do viño do SLG, e na executiva, coa organización do congreso sectorial. ¿Como foi o proceso?

Cómpre agradecerlle aos traballadores do sindicato o enorme traballo desenvolvido para preparar este evento, con asembleas e outro tipo de actos.

Con participación de tódalas zonas vinícolas galegas -Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras- no congreso destacou o debate, que reflectiu a realidade do sector. Foi un congreso moi interesante pola alta participación da xente, con moitas propostas e unha grande preocupación polo sector.

■ **¿A que pensa que foi debida esta implicación?**

Hai que ter en conta que, o do viño, é un sector moi complexo pero, ao mesmo tempo, moi enriquecedor, e que está avanzando en moitos eidos gracias ao traballo e iniciativas dos propios labregos e labregas e, en concreto, das asociacións de tratamentos integrados na agricultura.

Sinceramente, penso que



Xurxo Álvarez participou activamente no Congreso do Viño do SLG celebrado en Monforte

fixo máis o SLG pola recuperación e reestructuración do viñado do que fixo a Administración; alomenos en cuestións como o traballo de campo ou a preocupación demostrada.

■ **¿Cales eran as intencións deste congreso?**

Primeiramente, unir criterios de cara a dilucidar cal vai ser o futuro do sector e, en segundo lugar, demandarlle á Administración que

remate co abandono en que nos ten.

A Administración está favorecendo a catro persoas importantes do mundo financeiro e político que posúen grandes superficies de terra, e esquecese dos labregos e labregas, cando os bos viños xorden, precisamente, das pequenas explotacións labregas e non das industriais.

■ **¿Pensa que se consegu-**

iron os obxectivos?

Creo que si. Un dos obxectivos acadados, por exemplo, foi o de expresar as opinións e posturas que existen no sector. Ademais, a xente quedou moi animada polo debate, e creárase unha Dirección Nacional do Viño para xuntarse periodicamente e debater a problemática do sector e, máis especificamente, a das diversas zonas vitícolas.

“A Lei Galega do Viño está condenada a ser mala por falta de diálogo”

■ **¿Pensa que co proceso de regularización dos viñedos se van recoñecer plenamente os dereitos históricos de Galiza en produción vitícola?**

Estou convencido de que non, de que van quedar moitas terras sen recoñecer. Por circunstancias de emigración e de traballo, moita xente non vai regularizar os seus viñedos, simplemente porque xa non os traballan ou non viven onde teñen as terras. E eses dereitos vanse perder. É unha mágoa. Debería existir unha reserva galega de terras vitícolas, pero quen debe preocuparse disto, a Administración, está a amosar unha total desidia. Ademais, deberían dar un prazo dun ano.

■ **¿Que opina da Lei do Viño que está cociñando Política Agroalimentaria e da que tentan impor dende Madrid?**

A de Madrid é unha lei bastante ambigua. De todos xeitos, penso que se debería legislar dende aquí, pois en Galiza temos competencias en agricultura, e deberíamos crear unha lei adaptada á realidade galega.

Para facer un borrador dunha lei tan importante, deberíanse convocar as diversas partes implicadas no sector: adegueiros, colleiteiros, forzas políticas, organizacións agrarias, etcétera. Todos temos algo que aportar, e só así se pode facer unha boa lei.

Se, pola contra, se elabora de xeito unilateral, como se está a facer, a lei está condenada a ser mala. Dende o SLG valoramos hai meses o borrador adiantado, e chegamos á conclusión de que esa lei non vale para nada, pois feita á medida de grandes empresarios

como o presidente do Celta, Horacio Gómez; e copia á lei de Madrid que non reflecte a realidade galega.

■ **¿Como ve o futuro do sector?**

A min unha das cousas que máis me preocupa é a desaparición de explotacións en calquera actividade agraria, pois unha vez que deixas de ser a unha realidade social importante, os poderes políticos deixan de facerche caso.

Despois, o positivo que se pode sacar no sector do viño é que a xente que estamos quedando optamos por outro modelo menos productivista e máis orientado cara á calidade. No produto estamos a mellorar bastante, e en calidade podemos competir con calquera viño do mundo. Esa é a ledicia que temos.

“A afiliación debe sentir que ela é o SLG, que non é só un lugar para arranxar papeis”

■ **¿Cales van ser as liñas mestras do traballo do SLG neste sector nos vindeiros tempos?**

Coma en tódolos sectores dentro do sindicato, vai ser moi importante o debate coa afiliación para, deste xeito, poder trasladar despois as conclusións á xente que non está afiliada en asembleas abertas.

Antes, a dinámica na que nos meteron os gobernos, cunha presión constante que non che daba tempo a razoar as cousas, foi a de facer mobilización tras mobilización para loitar polo futuro do agro galego.

Agora, hai certa estabilidade, aínda que perdura a constante desaparición de explotacións. Por iso, atopámonos nun intre no que cómpre falar e debater coa xente.

■ **Entón, ¿pensa que é fundamental o contacto coa xente por parte do SLG?**

Si, sobre todo porque, a pesar de que houbo unha grande cantidade de persoas que entraron a formar parte do Sindicato Labrego Galego nos últimos tempos, moitos fixérono polo bo traballo xestor que se está a desenvolver. Dende o meu punto de vista, agora faría falla máis debate sindical para comprometer, precisamente, a ese sector da afiliación.

Eu creo que a xente fórmase no debate; os servicios poden atraer, sobre todo se temos en conta que o SLG é a organización agraria que mellor traballa a ese nivel. Pero, a maiores, cómpre debate sindical para que a afiliación se sinta máis comprometida co sindicato. Un afiliado debe sentir que o sindicato é el, non só unha oficina para arranxar papeis.